



XLIII Romaxe de Crentes Galegas



Marisa Vidal Collazo

Por fin houbo romaxe!! O ano pasado houbémonos contentar cunha celebración na distancia, os Rumores da Romaxe, apenas un recordo das nosas festa romaxeiras, porque nos facía falla esa conexión, aínda que fose distante, e porque non ter nada tería sido peor. Así a romaxe, despois de 43 anos ininterrompida, no 2020 quedou en suspenso ata superar a pandemia.

Arzúa, que xa tiña proxectado acollernos o ano pasado, gardou as súas apertas para este 2021, ano no que a pandemia empeza a dar tregua e podémonos xuntar non sen certas precaucións. Non houbo Rumboia, e tivémonos que conformar con celebrar sentadas en cadeiras, a un metro de distancia, pero iso non arrefriou para nada os nosos corazóns. Tanta era a gana de escorrentar os malos momentos vividos durante os confinamentos!

Chegamos a Arzúa co corazón encollido, con algo de respecto pospandémico, pero ese medo foise esvaendo aos poucos. O texto da celebración foi o tal para o esconxuro. O mesmo coronavirus veu compartir o palco coa Ruah, o materno espírito, e cos veciños de Arzúa. E con el viñeron seus irmáns, o fachivirus, o depredavirus, o aporofobiavirus... vimos que eses e outros bechos forman parte dos límites, da finitude da vida, e a Romaxe aprendeunos a abrazar os nosos límites e debilidades para superalas. Na asemblea romaxeira soubemos abrazar e resucitar.

Hai quen di que faltaron cousas (o medallón, o queixo da acolida, a oración da tardiña) pero eu creo que o importante si estaba: a celebración, a loita, a festa. E participamos da merecida home-